


**FACULTAD DE CIENCIAS EMPRESARIALES Y
TURISMO**



| | |
|-----------|--|
| DO | PROCEDIMIENTO DA PLANIFICACIÓN E DESARROLLO DA ENSEÑANZA |
| R2-DO0203 | INFORME FINAL DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL |

CURSO 2015-2016

| | | | |
|----------------------|----------------------|---|---------------------|
| Universidade de Vigo | INFORME FINAL DO PAT | Facultad de Ciencias Empresariales y Turismo | CODIF: R2-DO0203 |
|----------------------|----------------------|---|---------------------|

PRESENTACIÓN

A avaliación do PAT concíbese como un proceso de recollida e análise de información relevante que achega datos sobre:

- Os resultados obtidos a partir da posta en práctica do plan (produtos).
- A idoneidade dos medios e dos recursos empregados para obter os citados resultados (proceso).

Os datos da avaliación constituirán un elemento para reflexionar que contribuirá a lograr os obxectivos establecidos con carácter xeral. Constitúe unha ferramenta esencial xa que proporciona a información precisa para as decisións que se van tomando durante a planificación, o desenvolvemento e a finalización do PAT.

As principais fontes de datos serán:

- Os rexistros do PAT (fichas, anotacións, incidencias).
- As enquisas de satisfacción do alumnado e do profesorado.
- Os indicadores de impacto das actuacións (número de actuacións, participación, asistencia, solicitudes do estudiantado, etc.).

Neste documento preséntase a valoración global das accións realizadas. Analízase o nivel de consecución dos obxectivos previstos, así como as dificultades atopadas, as modificacións introducidas e as consecuencias e propostas de mellora que deberían incorporarse ao plan do curso seguinte.

CUMPRIMENTO DA PLANIFICACIÓN E SEGUIMENTO DO PAT EN GRAOS

| Ficha para a Avaliación do PAT Grados (Turismo e ADE) | | | | | | |
|---|--------------------|----------------------------|--------------------------|--|---------------------------------------|-----------|
| Grao de Cumprimento do PAT respecto ao Planificado | | | | | | |
| Actuacións de organización | | | | | | |
| Actividade | (Marcar cunha x) | | | Xustificación | Nº de asistentes | |
| | Non se Desenvolveu | Desenvolveuse Parcialmente | Desenvolveuse Totalmente | | | |
| Act. 1: Organización-Presentación (Outubro) (envío mail os titores) | | | X | Desenvolveuse con normalidade. | Envío mail a todos os titores | |
| Act. 2: Reunión Alumnos/as-titores/as (Outubro) | | | X | Desenvolveuse con normalidade. | 98 | |
| Act. 3 Asesoramento Seguimento continuo (outubro a Xullo) | | | X | Os alumnos solicitaron diversa información sobre materias, horarios, convalidacións, becas, ERASMUS... | _____ | |
| Act. 4: Análise-Avaliación final do PAT | | | X | Desenvolveuse con normalidade. | Análise elaboradora polo coordinador. | |
| Actividades de acollida | | | | | | |
| Actividade | (Marcar cunha x) | | | Xustificación | Nº de asistentes | |
| | Non se Desenvolveu | Desenvolveuse Parcialmente | Desenvolveuse Totalmente | | | |
| Xornada de presentación (Setembro) | | | X | Desenvolveuse con normalidade e de forma conxunta coa participación de tódolos | _____ | |
| Acto presentación (Setembro) | | | X | Equipa Decanal. Conferencia inicio curso. Presentación | _____ | |
| Actividades de apoio e seguimento | | | | | | |
| Actividade | (Marcar cunha x) | | | Xustificación | Nº de asistentes | |
| | Non se Desenvolveu | Desenvolveuse Parcialmente | Desenvolveuse Totalmente | | | |
| Reunión Grupal (Novembro) | | | X | Realizouse con normalidade. | ADE | 51 |
| | | | | | ADE-Inf. | 10 |
| | | | | | ADE-Der. | 17 |
| | | | | | Turismo | 20 |
| Reunión Grupal (Abril) | | | X | Realizouse con normalidade. | ADE | 44 |
| | | | | | ADE-Inf. | 10 |
| | | | | | ADE-Der. | 9 |
| | | | | | Turismo | 16 |
| Reunión Grupal (Maio) | | | X | Realizouse con normalidade. | ADE | 27 |
| | | | | | ADE-Inf. | 11 |
| | | | | | ADE-Der. | 4 |
| | | | | | Turismo | 16 |
| Actividades de carácter formativo | | | | | | |
| Actividade | (Marcar cunha x) | | | Xustificación | Nº de asistentes | |
| | Non se Desenvolveu | Desenvolveuse Parcialmente | Desenvolveuse Totalmente | | | |
| Curso 0 | | | X | | | |
| Ciclo conferencias, seminarios e/ou xornadas | | | | | | |

Conclusiones

- Coma o ano anterior, a asistencia do alumnado ás reunións do PAT foi superior a anos anteriores cando as reunións facíanse individuais. O feito de facer as reunións de grupo na clase permite que a información do PAT chegue a un maior número de alumnos . Os alumnos coñeceron a existencia do PAT, a súa importancia e quen é o seu titor grazas ás reunións de grupo na clase, a páxina web da facultade no link <http://fcetou.uvigo.es/index.php/es/plan-de-accion-tutorial> e ós diversos correos electrónicos enviados polos titores. Os titores mostraron en todo momento a súa predisposición de axudar e asesorar ós alumnos nos seus problemas académicos ou burocráticos.

| | | | |
|------------------|-----------------------|---|---------------------|
| UniversidadeVigo | INFORME FINAL DEL PAT | Facultad de Ciencias Empresariales y Turismo | CODIF: R2-DO0203 |
|------------------|-----------------------|---|---------------------|

**CUMPRIMENTO DA PLANIFICACIÓN E SEGUIMENTO DO PAT NO MASTER EN CREACIÓN,
DIRECCIÓN E INNOVACIÓN EN LA EMPRESA**

| | | | |
|----------------------|-----------------------|--|------------------|
| Universidade de Vigo | INFORME FINAL DEL PAT | Facultad de Ciencias Empresariales y Turismo | CODIF: R2-DO0203 |
|----------------------|-----------------------|--|------------------|

CUMPRIMENTO DA PLANIFICACIÓN E SEGUIMENTO DO PAT NO MASTER EN DIRECCIÓN E PLANIFICACIÓN DO TURISMO DE INTERIOR E DE SAÚDE

| Ficha para a Avaliación do PAT Máster Universitario en Dirección e Planificación do Turismo de Interior e de Saúde | | | | | |
|--|--------------------|----------------------------|--------------------------|---|------------------|
| Grao de Cumprimento do PAT respecto ao Planificado | | | | | |
| Actuacións de organización | | | | | |
| Actividade | (Marcar cunha x) | | | Xustificación | Nº de asistentes |
| | Non se Desenvolveu | Desenvolveuse Parcialmente | Desenvolveuse Totalmente | | |
| Act. 1: Reunión Alumnos/as-coordinadores/as 17/09/2015 | | | X | -Presentación da programación do master, materias e responsables de cada materia. -Presentación da materia TFM, procedementos e normativa. -Presentación da materia prácticas, procedementos e normativa. -Explicación dos modos de contacto coa coordinación e responsables de materias. -Asignación de titores aos alumnos (PAT). -Explicación do funcionamento e dinámicas do master, acceso á plataforma da universidade (faiite) e conta de correo. -Explicacións xerais sobre a facultade e Universidade de Vigo. | 11 |
| Act. 3 Asesoramento Seguimento continuo 11/12/2015 | | | X | -Interese por parte da coordinación do desenvolvemento do primeiro cuadrimestre. -Interese por parte da coordinación do estado dos TFMs. -Asignación de prácticas aos alumnos. | 11 |
| Act. 5: Análise-Avaliación final do PAT 10/03/2015 | | | X | -Interese por parte da coordinación do desenvolvemento do curso, quedando so pendentes as prácticas e defensas de TFM en xullo, xa que ninguén solicitou marzo. - Dúbidas dos alumnos respecto ao TFM. - Avaliación do master por parte dos alumnos e suxerencias para vindeiros cursos. | 11 |
| Actividades de acollida | | | | | |
| Actividade | (Marcar cunha x) | | | Xustificación | Nº de asistentes |
| | Non se Desenvolveu | Desenvolveuse Parcialmente | Desenvolveuse Totalmente | | |
| Xornada de presentación 17/09/2015 | | | X | Dende a coordinación presentouse información do master (materias, profesorado, acceso á plataforma, procedementos do TFM e prácticas, o PAT...). Finalmente | 11 |

| | | | | propúxose unha quenda de preguntas na que os alumnos formularon todas as súas inquietudes: métodos de avaliación, empresas nas que facer as prácticas, proceso do TFM e asignación de titores... | |
|-----------------------------------|--------------------|----------------------------|--------------------------|---|------------------|
| Actividades de apoio e seguimento | | | | | |
| Actividade | (Marcar cunha x) | | | Xustificación | Nº de asistentes |
| | Non se Desenvolveu | Desenvolveuse Parcialmente | Desenvolveuse Totalmente | | |
| Reunión Grupal 11/12/2015 | | | X | <p>Dende a coordinación preguntouse aos alumnos como se desenvolveu o primeiro cuadrimestre e a avaliación continua (quedando aínda pendentes os exames de xaneiro).</p> <p>A coordinación tamén se interesou polo estado dos TFMs, sendo so un alumno de nova matrícula o interesado en defender na primeira convocatoria (marzo), explicando o resto que aínda están en fases iniciais da investigación, polo que optarán pola defensa en xullo.</p> <p>Finalmente, a coordinación preguntou polo tema de prácticas. A maioría dos alumnos xa elixiu empresa en novembro (prazo estipulado pola coordinación para cubrir o impreso de solicitude), quedando pendentes os alumnos de última incorporación ao master.</p> | 11 |
| Reunión Grupal 10/03/2015 | | | X | <p>Dende a coordinación preguntouse aos alumnos como se desenvolveu o segundo cuadrimestre e curso en xeral.</p> <p>A coordinación tamén se interesou polo estado dos TFMs, xa que no primeiro cuadrimestre a maioría optou directamente pola defensa en xullo.</p> <p>Finalmente, a coordinación matizou pequenos detalles das prácticas, próximas ao seu inicio.</p> | 11 |

| | | | |
|----------------------|-----------------------|--|------------------|
| Universidade de Vigo | INFORME FINAL DEL PAT | Facultad de Ciencias Empresariales y Turismo | CODIF: R2-DO0203 |
|----------------------|-----------------------|--|------------------|

| Actividades de carácter formativo | | | | | |
|---|--------------------|----------------------------|--------------------------|---|------------------|
| Actividade | (Marcar cunha x) | | | Xustificación | Nº de asistentes |
| | Non se Desenvolveu | Desenvolveuse Parcialmente | Desenvolveuse Totalmente | | |
| I Congreso Internacional del Agua. 23-24 de setembro de 2015 | | | X | Asistencia do alumnado a dito congreso, primeiro internacional neste ámbito | 9 |
| Jornadas Ferroviarias (Baños de Molgas) 22-23 outubro 2015 | | | X | Asistencia do alumnado a ditas xornadas | 7 |
| Seminario Dr. Alfredo Dachary, Universidade de Guadalajara (México) 27 outubro 2015 | | | X | Seminario organizado pola coordinación do master e vinculado coa temática do mesmo | 8 |
| Conferencia “La competitividad de la empresa turística familiar”, impartida por D. Vicente Monfort, Asesor técnico na Dirección General de Turismo da Generalitat Valenciana. 27 outubro 2015 | | | X | Conferencia organizada pola coordinación do master vinculada con mesmo, e aberta a todos os membros da facultade. | 30 |
| Conferencia “Nuevas tendencias en alojamiento turístico”, D. Vicente Monfort. 28 outubro 2015 | | | X | Conferencia organizada pola coordinación do master vinculada con mesmo, e aberta a todos os membros da facultade. | 30 |
| Seminario “Marketing Relacional en la gestión turística”, Dr. Enrique Martín (Universidad de Málaga) 30 outubro 2015 | | | X | Seminario organizado pola coordinación do master e vinculado coa temática do mesmo | 11 |
| Saída de Campo: Turismo Urbano na cidade de Ourense. Responsable D. Emilio Cuiñas (Autoxiro) 4 novembro 2015 | | | X | Saída formativa pola zona vella da cidade, vinculada á materia Turismo Interior e Rural | 7 |
| Conferencia impartida por Dr. Benjamín del Alcázar (Universidad de Málaga). “Nuevos retos del marketing turístico” 13 novembro 2015 | | | X | Conferencia organizada pola coordinación do master vinculada con mesmo, e aberta a todos os membros da facultade. | 35 |
| Conferencia impartida por Dr. Antonio Guevara (Universidad de Málaga). “Sistemas de gestión de destinos” 20 novembro 2015 | | | X | Conferencia organizada pola coordinación do master vinculada con mesmo, e aberta a todos os membros da facultade. | 30 |
| Saída formativa: O Ribeiro. Turismo e viño. 24 novembro 2015 | | | X | Saída formativa ao complexo de Castelo de Miño, con fin de coñecer a súa xestión turística, e ás instalacións dunha adega do Ribeiro. | 10 |
| Saída formativa: Turismo e sidra. Visita instalacións sidrería Ribela 2 decembro 2015 | | | X | Saída vinculada á materia Turismo Interior e Rural. | 11 |
| Conferencia “Imagen de marca turística”, impartida polo profesor Dr. Julio Cerviño (Universidad Carlos III, Madrid) 4 decembro 2015 | | | X | Conferencia vinculada ao marketing turístico. | 10 |

| | | | | | |
|---|--|--|---|--|----|
| Obradoiro pesquisa de datos secundarios en bases de datos. Biblioteca Central Campus Ourense 8 decembro 2015 | | | X | Obradoiro de apoio á materia TFM e ás materias do master en xeral. | 15 |
| Obradoiro “Como elaborar un traballo fin de master”, impartido pola Dra. Noelia Araújo Vila 10 decembro 2015 | | | X | Obradoiro preciso para levar a cabo a materia TFM. | 12 |
| Saída formativa Madrid, con fin de visitar FITUR (Feira Internacional Turismo) 18-20 xaneiro 2016 | | | X | Entrada dos alumnos en FITUR, principal feira turístico do país, en días dedicados a profesionais. | 8 |
| Seminario “Las fotografías online como instrumento de gestión de la experiencia de destinos turísticos”, Dr. Gándara (Brasil) 4 febreiro 2016 | | | X | Seminario organizado pola coordinación do master e vinculado coa temática do mesmo | 11 |
| Saída formativa establecemento grupo Caldaria. 4 marzo 2016 | | | X | Saída incluída na materia Turismo Termal e de Saúde | 11 |
| Seminario Wellnes 14 marzo 2016 | | | X | Organizado pola coordinación do master e aberto a todos os membros da facultade. | 20 |
| Seminario Observatorio do Turismo Rural 15 marzo 2016 | | | X | Organizado pola coordinación do master xunto Escapa Rural e aberto a todos os membros da facultade | 45 |
| 10º aniversario do Master en Dirección e Planificación do Turismo Mesas redondas vinculadas a temáticas do sector turístico 16 marzo 2016 PROGRAMA *9.15 hras. Inauguración. *9.30 hras. Evolución de la Formación Universitaria en Turismo. Reflexiones y perspectivas. *10.30 hras. Cooperación Universidad-Empresa en la formación universitaria en turismo. *11.30 hras. Coffee-break. *12.00 hras. Salidas laborales de los egresados en turismo. Situación actual y perspectivas futuras. *13.00 hras. La investigación y la internacionalización en el ámbito del Turismo | | | X | Organizado pola coordinación do master e aberto a todos os membros da facultade | 55 |

Conclusiones

O master ofrece unha rica e completa oferta formativa complementaria que vai máis aló das ensinanzas en aulas. O alumno pode coñecer *in situ* certas instalacións, así como coñecer experiencias pioneiras no campo do turismo.


| | | | |
|----------------------|----------------------|--|------------------|
| Universidade de Vigo | INFORME FINAL DO PAT | Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo | CODIF: R2-DO0203 |
|----------------------|----------------------|--|------------------|

CUMPRIMENTO DA PLANIFICACIÓN E SEGUIMENTO DO PAT NO MASTER EN XESTIÓN EMPRESARIAL DO DEPORTE

| Ficha para a Avaliación do PAT Máster Universitario en Xestión Empresarial do Deporte | | | | | |
|---|--------------------|----------------------------|--------------------------|--|--|
| Grao de Cumprimento do PAT respecto ao Planificado | | | | | |
| Actuacións de organización | | | | | |
| Actividade | (Marcar cunha x) | | | Xustificación | Nº de asistentes |
| | Non se Desenvolveu | Desenvolveuse Parcialmente | Desenvolveuse Totalmente | | |
| Act. 1: Reunión Alumnos/as-coordinadores/as 18/09/2015 | | | X | -Presentación da programación do master e as materias. -Explicación do funcionamento do PAT. -Explicación do funcionamento e dinámicas do master e acceso á plataforma da universidade (fáitic). -Información xeral sobre a facultade e a Universidade de Vigo. | 15 |
| Act. 3 Asesoramento Seguimento continuo Outubro a Xullo | | | X | O seguimento continuo realízase durante o días de clases coa disponibilidad do coordinador no centro. Ademais da atención do alumno no despacho, vía telefónica ou por correo electrónico durante todo o curso. | 24 |
| Act. 5: Análise-Avaliación final do PAT 19/03/2016 | | | X | - No último día de clase presencial o coordinador interésase polo desenvolvemento do curso, e invítase al alumnado a valorar e achegar a súa opinión sobre o PAT. - A partir deste momento o PAT céntrase no seguimento das prácticas externas e os TFM. | 13 |
| Actividades de acollida | | | | | |
| Actividade | (Marcar cunha x) | | | Xustificación | Nº de asistentes |
| | Non se Desenvolveu | Desenvolveuse Parcialmente | Desenvolveuse Totalmente | | |
| Xornada de presentación 18/09/2015 | | | X | Realizouse o primeiro día de clase, explicando todo o funcionamento do máster. | 15 |
| Actividades de apoio e seguimento | | | | | |
| Actividade | (Marcar cunha x) | | | Xustificación | Nº de asistentes |
| | Non se Desenvolveu | Desenvolveuse Parcialmente | Desenvolveuse Totalmente | | |
| Reunión Grupal: 19/03/2016 | | | X | Aproveitando o último día de clases presencial realízase xunto co alumnado unha valoración do curso e do PAT. | 13 |
| Reunións individuais | | | X | Realizáronse ao longo de todo o curso tanto con visitas no despacho da coordinación, como con la resolución de consultas vía correo electrónico e teléfono. | Coordinador e alumnos que solicitaron reunirse |

| | | | |
|----------------------|----------------------|---|---------------------|
| Universidade de Vigo | INFORME FINAL DO PAT | Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo | CODIF: R2-DO0203 |
|----------------------|----------------------|---|---------------------|

| Actividades de carácter formativo | | | | | |
|---|--------------------|----------------------------|--------------------------|--|------------------|
| Actividade | (Marcar cunha x) | | | Xustificación | Nº de asistentes |
| | Non se Desenvolveu | Desenvolveuse Parcialmente | Desenvolveuse Totalmente | | |
| Curso: Sportnomics: deporte, economía e cinema. 30 h. 17, 18, 25 de setembro e 1, 2 de outubro de 2015 | | | X | Curso de extensión universitaria que tiene como obxectivo extraer leccións económicas, empresariais e sociais do deporte a través do visionado de películas. | 15 |
| Curso: "Organización e desenvolvemento de eventos deportivos: as claves do éxito" 20 h. duración. 1 y 2 de abril | | | X | Curso complementario da materia Eventos Deportivos que achega a experiencia de expertos na organización de eventos deportivos. | 16 |
| Saída formativa: Multiusos Fontes do Sar, Santiago de Compostela 2 abril | | | X | Visita guiada que permite coñecer aos alumnos o funcionamento e xestión das distintas áreas dun centro deportivo. | 8 |
| VII Congreso Iberoamericano de Economía do Deporte. 2 y 3 de junio. | | | X | Asistencia de alumnos como relatores presentando comunicacións realizadas a partir dos seus TFM. | 1 |
| Obradoiro: Emprego dos recursos bibliográficos da Universidade de Vigo. Biblioteca do Campus de Ourense. 9/10/2015 | | | X | Obradoiro de apoio á materia TFM e ás materias do master en xeral. | 11 |
| Conclusións | | | | | |
| <p>O PAT está claramente implantado na titulación e utilizado polos estudantes para plantexar a súas dúbidas e inquedanzas que lle son resoltas polo coordinador do master. As actividades de carácter formativo complementan a adquisición das competencias propias do master con diferentes metodoloxías. Dende a coordinación do master considerase que o PAT implantado é satisfactorio e permite a atención personalizada do alumnado, así como o intercambio de impresións sobre o desenvolvemento do master que posibilita a súa mellora. Os estudantes puxeron de manifesto, nas distintas reunións mantidas con eles ó longo do curso, a súa satisfacción con funcionamento do PAT, e en definitiva ca atención personalizada que se lles dispensa dende o mestrado.</p> | | | | | |

| | | | |
|---|-----------------------|---|---------------------|
|  | INFORME FINAL DEL PAT | Facultad de Ciencias Empresariales y Turismo | CODIF: R2-DO0203 |
|---|-----------------------|---|---------------------|

COMENTARIOS DAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN NOS GRAOS DE ADE E TURISMO

Unha das medidas propostas no Informe Final do PAT do curso pasado foi de incrementar a participación do alumnado nas Enquisas de Satisfacción. Decidiuse facer as enquisas na clase, en vez de facelas online como se fixera en anos anteriores. Deste xeito incrementouse a participación e evitouse en certa medida o sesgo das respostas protesta do alumnado incentivado a facer a enquisa para mostrar o seu desagrado. Grazas a este cambio, o número de enquisas no Grado de ADE incrementouse en 33 respostas, pasando de 13 a 46 respostas. Para o Grado de Turismo a participación foi semellante en comparación co curso pasado (16 respostas no curso 2015-16 fronte as 17 do curso pasado). Parece que no Grado de Turismo non ten incidencia na participación o facer as enquisas en papel.

Os resultados da enquisa preséntase no Anexo V-A. En xeral reflicten unha mellora na satisfacción dos estudantes do Grado en ADE con respecto do PAT; mais esta mellora non se ve reflectida no Grado de Turismo.

A análise dos resultados mostran que o 80.43 por cento do alumnado entrevistado en ADE considera que a documentación e a información previa ofrecida polo PAT foi suficiente. Este porcentaxe é moi superior ó observado para o curso 2014-15 no cal foi só un 56.25 por cento o alumnado que o considerou suficiente. Pola súa parte, no Grado de Turismo o porcentaxe de alumnos que consideraron suficiente a información foi inferior ó do curso pasado (43.75 este curso fronte un 56.25 por cento do anterior).

En canto a organización e a coordinación do PAT, o 83 por cento dos enquisados no Grado de ADE consideran que foi Boa (76 por cento) ou Moi Boa (7 por cento). Este porcentaxe supón unha mellora de 21 puntos porcentuais respecto ó curso anterior, cando o porcentaxe foi do 62 por cento. No Grado de Turismo, pola súa banda, obsérvase que a porcentaxe dos estudantes que consideraron a organización e a planificación como Boa ou Moi Boa foi do 62.5 por cento. Esta porcentaxe é bastante menor á obtida no Grado de ADE, e é tamén inferior á lograda o ano pasado (71 por cento).

Respecto se o desenvolvemento do PAT respondeu as expectativas dos estudantes, o 50 por cento das respostas dos estudantes de ADE manifestan que as expectativas cumpríronse Bastante (43 por cento) ou Moito (7 por cento). Este valor é sensiblemente superior ó alcanzado o curso anterior cando o porcentaxe neste ítem fora do 46 por cento. No caso do Grado en Turismo, o número de respostas que expresaron que o PAT respondeu ás súas expectativas foi do 43.75 por cento, porcentaxe inferior ó 47 por cento do curso pasado.

O alumnado do Grado de ADE que considera que o PAT foi Bastante ou Moi útil acadou unha porcentaxe do 61 por cento, o cal implica unha clara mellora respecto do curso 2014-2015 cando o nivel positivo de utilidade do PAT reflexou unha porcentaxe do 38 por cento. Por tanto, obsérvase que neste curso 2015-16 a maioría do alumnado viu o PAT coma un elemento de utilidade. O nivel de utilidade do PAT para os alumnos do Grado de Turismo é inferior ós mostrados polos estudantes de ADE. Deste xeito, o 50 por cento dos entrevistados consideran o PAT como Bastante ou Moi útil. A pesares de presentar unha porcentaxe moi inferior ó mostrado polos estudantes de ADE, é salientable o feito que este curso máis alumnos de Turismo consideran o PAT coma unha ferramenta útil. Este argumento baséase en que para o curso pasado só un 29 por cento considerou o PAT coma Bastante ou Moi útil.

Os resultados da enquisa parecen indicar que houbo unha mellora na organización das actividades e no sistema de seguimento. Así o reflexa o feito de que para o 65 por cento dos alumnos de ADE que participaron na enquisa as datas establecidas para as distintas actividades do PAT foron axeitadas. Ademais, o sistema de seguimento foi considerado como axeitado para o 76 por cento. Estes porcentaxes supoñen un incremento substancial se os comparamos co curso 2014-15 cando o 38.5 por cento considerou que as datas foron axeitadas, e o 54 por cento que manifestou que o seguimento fora adecuado. Para os alumnos do Grado de Turismo, as datas foron axeitadas para o 62.5 por cento, porcentaxe inferior ó do curso pasado (70.5 por cento); e o seguimento foi adecuado para o 50 por cento, tamén inferior ó curso 2014-15 (54 por cento).

Poucos foron os alumnos que deixaron comentarios sobre que engadiría ou eliminaría do PAT (4 alumnos de 46 en ADE, e 4 de 16 en Turismo). A maior parte destes comentarios requiriron máis información sobre o PAT (2 alumnos en ADE e 3 en Turismo), máis atención e comunicación co titor (2 alumnos en ADE), e que non se envíen tantos correos electrónicos con información (1 alumno de Turismo). É preciso mencionar que a información do PAT é suficiente xa que infórmase ó alumno por e-mail, na páxina web da facultade e nas tres reunións colectivas.

En vista dos resultados da enquisa para os Graos de ADE e Turismo, a satisfacción por parte do alumnado mellorou en comparación co curso pasado. Esta mellora é notable para o grado en ADE, e non tanto para o de Turismo. É salientable, ademais, o incremento do nivel de participación do estudantes no Grado de ADE. É importante analizar os motivos das importantes diferenzas na satisfacción entre os alumnos do Grado de ADE e Turismo. Probablemente, unha das causas sexa que moito dos titores do PAT en ADE foron profesores do primeiro curso e, polo tanto, xa coñecidos polos alumnos. Pola súa banda, os titores do Grado en Turismo foron profesores que non deron ós alumnos este ano. É recomendable que os titores do PAT sexan profesores de primeiro; é dicir, profesores que xa son coñecidos polos alumnos.

O nivel de satisfacción do PAT por parte dos titores foi, en xeral, moi elevado. Responderon a enquisa 10 titores, o que representa o 90 por cento do total. Tódolos titores consideraron que a información previa ofrecida polo equipo coordinador do PAT foi suficiente. Tamén o 90 por cento dos titores consideran que a organización e a coordinación das actividades vinculadas ó PAT foi “Boa” e “Moi Boa”. Non obstante, houbo un titor que expresou o seu descontento afirmando que a coordinación foi “Moi Mala”, se ben non aporta ningún comentario para a mellora. Os resultados da enquisa parece indicar que a titorización non supuxo unha carga de traballo excesiva. Deste feito, o 60 por cento dos titores considera a carga de traballo como “Ningunha” ou “Pouca”. Só un titor manifestou que a carga de traballo foi “Moita”. É destacable que a experiencia do profesorado cos estudantes non foi moi valorada xa que o 60 por cento a valora “Nada” ou “Pouca” satisfactoria. Este resultados pódese deber ó feito de que os estudantes non fan uso do PAT. Esta percepción corrobórase polo comentario que deixou un dos titores: “Eliminaría o PAT pois non é unha ferramenta empregada polo alumno”.

| | | | |
|----------------------|-----------------------|--|------------------|
| Universidade de Vigo | INFORME FINAL DEL PAT | Facultad de Ciencias Empresariales y Turismo | CODIF: R2-DO0203 |
|----------------------|-----------------------|--|------------------|

INFORME RESUMEN DA REUNIÓN COS TITORES DO PAT NOS GRADOS DE ADE E TURISMO

O 1 de xuño de 2016 celebrouse una reunión na Sala de Xuntas do Decanato da Facultad. Nesta reunión participaron os profesores que titorizaron alumnos no ámbito do PAT durante o curso 2015-16. Os titores expresan o seguinte sobre a valoración do PAT no curso 2015-16:

- O sentimento xeneralizado é que o PAT non está a funcionar. O motivo non é o descoñecemento do PAT, o a falta de implicación dos titores. A principal razón débese a que os alumnos non están empregando o PAT como unha canle para solucionar as súas dúbidas e problemas. Estase constatando que os alumnos solen recorrer a aqueles profesores con quen teñen unha maior confianza ou afinidade. É dicir, o obxectivo de asesoramento para solucionar problemas e dúbidas na vida académica do alumnado si que se está cumprindo. O problema formal é que este traballo non o está levando a cabo o titor do PAT, senón outros profesores do Centro.

- Dado este feito, na reunión expóñense diversas alternativas. A primeira delas é o de estudar a posibilidade de cambiar o asesoramento baseado na titorización dun profesor polo “mentoring”. Este debate xa foi recollido nalgunha Comisión de Calidade. A día de hoxe non se ve viable esta substitución xa que resultaría custoso e asumiríase un elevado risco xa que non se garantiría a solución dunha forma satisfactoria dos problemas e dúbidas dos alumnos.

- Comentase tamén que o PAT por medio dun titor poida ser entendido coma un mecanismo de último recurso do que dispón o alumno para solucionar os seus problemas ou dúbidas. É dicir, o alumno soe recorrer ó profesor que crea que poida solucionar mellor o seu problema; ou, sinxelamente, có quen teña unha maior confianza. Iso si, se non encontra a ese profesor “de confianza”, o alumno sabe que ten asignado un titor ó que sempre pode acudir.

- Como medida para lograr unha maior afinidade entre el alumnado e os titores do PAT, comentase a posibilidade de que sexan os profesores do primeiro cuadrimestre de primeiro os que sexan titores do PAT. Esta medida facilitaría a comunicación e afinidade entre o alumnado e os titores.

- Solicítase na la reunión que sería moi convinte escoitar a opinión do alumnado para coñecer os problemas xerais ós que se enfrontan, e os motivos polos que non empregan a canle oficial de asesoramento que representa o PAT. O problema é que non se dispón de interlocutores que representen ó alumnado. Póñese de manifesto a necesidade de que os alumnos nomeen a delegados que representen a cada curso.

| | | | |
|----------------------|-----------------------|--|------------------|
| Universidade de Vigo | INFORME FINAL DEL PAT | Facultad de Ciencias Empresariales y Turismo | CODIF: R2-DO0203 |
|----------------------|-----------------------|--|------------------|

CONSECUCIÓN DOS OBXETIVOS EN GRAO

| Ficha para a Avaliación do PAT | | | | |
|---|------------------|----------------------|---------|---|
| Grao de Consecución dos Obxectivos | | | | |
| Obxectivos Xerais | | | | |
| Obxectivo | (Marcar cunha x) | | | Xustificación |
| | Non logrado | Parcialmente logrado | Logrado | |
| Establecer un sistema de información, orientación e seguimento académico para os/as estudantes que están realizando estudos de grao mediante a asignación dun profesor/a-titor/a. | | | X | Xornada de presentación (Outubro) Acto presentación (Outubro) Curso 0 Ciclo conferencias, seminarios e/ou xornadas |
| Motivar unha participación activa do alumnado de novo ingreso nos distintos aspectos da vida universitaria. | | X | | |
| Ampliar a información que os estudantes teñen sobre a Universidade, os servizos que ofrece, os proxectos nos que poden participar, as bolsas ás que poden optar.... | | X | | |
| Conclusións | | | | |
| Este ano fíxose un esforzo adicional por dar a coñecer A pesares dos esforzos realizados, todavía está a ser un problema a escasa participación do alumnado no PAT. | | | | |

| Ficha para a Avaliación do PAT | | | | |
|---|------------------|----------------------|---------|---|
| Grao de Consecución dos Obxectivos | | | | |
| Obxectivos Específicos | | | | |
| Obxectivo | (Marcar cunha x) | | | Xustificación |
| | Non logrado | Parcialmente logrado | Logrado | |
| Fomentar a implicación dos estudantes na Xestión do Centro. | | X | | Participan nas Comisións do centro |
| Favorecer a comunicación cos estudantes e mellorar a satisfacción coa información recibida | | X | | |
| Dar cobertura ás necesidades de apoio formativo dos alumnos. | | X | | Xornada de Precurriculum. Celebración de "Cursos 0" |
| Conclusións | | | | |
| Segue a ser necesario facer un maior esforzo para que os alumnos se impliquen na Xestión do Centro. É necesario tamén coñecer as súas deficiencias formativas para manter, crear ou modificar os cursos cero que estáanse a ofertar na facultade. | | | | |

| | | | |
|-------------------------|-----------------------|---|---------------------|
| UniversidadeVigo | INFORME FINAL DEL PAT | Facultad de Ciencias Empresariales y Turismo | CODIF: R2-DO0203 |
|-------------------------|-----------------------|---|---------------------|

CONSECUCIÓN DOS OBXETIVOS EN MÁSTER

Máster en Creación, Dirección e Innovación en la Empresa

| | | | |
|----------------------|-----------------------|--|------------------|
| Universidade de Vigo | INFORME FINAL DEL PAT | Facultad de Ciencias Empresariales y Turismo | CODIF: R2-DO0203 |
|----------------------|-----------------------|--|------------------|


Máster Universitario en Dirección e Planificación do Turismo de Interior e de Saúde

| Ficha para a Avaliación do PAT | | | | |
|--|------------------|----------------------|---------|---|
| Grao de Consecución dos Obxectivos Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde | | | | |
| Obxectivos Xerais | | | | |
| Obxectivo | (Marcar cunha x) | | | Xustificación |
| | Non logrado | Parcialmente logrado | Logrado | |
| Establecer un sistema de información, orientación e canalización socio educativa para as alumnas e alumnos de novo ingreso mediante a asignación dunha persoa docente titora, facendo especial énfase nos alumnos de novo ingreso. | | | X | O alumno é consciente da existencia do PAT e do seu titor dende o primeiro día de clase. Contacta con este ao longo de todo o curso coñecendo procedementos do master e a vida universitaria. |
| Implantar un sistema de información para o estudiantado sobre o funcionamento do centro, facendo especial énfase nos alumnos de novo ingreso. | | | X | |
| Motivar unha participación activa do alumnado nos distintos aspectos da vida universitaria, facendo especial énfase nos alumnos de novo ingreso. | | | X | |
| Axudar ao alumnado nas situacións persoais que dificulten o seu normal desenvolvemento da actividade académica. | | | X | |
| Empregar o PAT como unha forma máis de obtención de datos e valoración sobre o propio desenvolvemento e mellora da calidade da titulación. | | | X | |
| Conclusións | | | | |
| <p>O alumno ten contacto directo co seu titor (vía mail, teléfono ou en persoa) ao longo de todo curso para calquera dúbida que teña respecto ao master e á universidade.</p> | | | | |

| | | | |
|----------------------|-----------------------|--|------------------|
| Universidade de Vigo | INFORME FINAL DEL PAT | Facultad de Ciencias Empresariales y Turismo | CODIF: R2-DO0203 |
|----------------------|-----------------------|--|------------------|

Máster Universitario en Xestión Empresarial do Deporte

| Ficha para a Avaliación do PAT | | | | |
|---|------------------|----------------------|---------|---------------|
| Grao de Consecución dos Obxectivos | | | | |
| Obxectivos Específicos Máster en Xestión Empresarial do Deporte | | | | |
| Obxectivo | (Marcar cunha x) | | | Xustificación |
| | Non logrado | Parcialmente logrado | Logrado | |
| Favorecer a comunicación cos estudantes e mellorar a satisfacción coa información recibida | | | X | |
| Dar cobertura ás necesidades de apoio formativo dos alumnos. | | | X | |
| Conclusións | | | | |
| O desenvolvemento do PAT facilita e mellora a comunicación cos estudantes creando espazos de intercambio de ideas e impresións sobre a titulación e o seu desenvolvemento. O resultado obtido no cuestionario de satisfacción do alumnado co PAT mostra un grao de satisfacción elevado coas distintas accións propostas. | | | | |

| | | | |
|---|-----------------------|---|---------------------|
|  | INFORME FINAL DEL PAT | Facultad de Ciencias Empresariales y Turismo | CODIF: R2-DO0203 |
|---|-----------------------|---|---------------------|

MELLORAS A INTRODUCIR PARA O CURSO 2016-2017

Grao en Turismo e ADE

- Manter o esforzo feito este ano para dar a coñecer ós alumnos a utilidade do PAT. Seguir coa estratexia de que os titores manden correos electrónicos presentándose e incentivando ó alumnado a pórse en contacto co titor cando o precisen. O titor debe escribir periodicamente ós seus tutelados correos electrónicos para lembrarlles a súa función.
- Facer as tres reunións grupais na aula, e dar a coñecer ós alumnos que toda a información do PAT pode ser consultada na páxina web da facultade.
- Fomentar que o profesorado dos primeiros cursos dos Grados de DE e Turismo asuman funcións como titores do PAT. Estase a observar que moi poucos docentes asumen a titorización de alumnos. É un problema que débese abordar.
- Continuar a facer as enquisas de satisfacción na aula. Este ano incrementouse considerablemente a participación grazas a que a enquisa foi feita na aula, e non on-line.

Máster en Creación, Dirección e Innovación en la Empresa

Máster en Dirección e Planificación do Turismo de Interior e de Saúde

- Seguir traballando na mellora da páxina web, incluíndo as suxerencias derivadas do Informe de Seguimento do master que afectan ao contacto co alumnado e maior transparencia da información relativa ao master.

Máster en Xestión Empresarial do Deporte

Anexo V-A

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL: CUESTIONARIO DE SATISFACCIÓN DOS ESTUDANTES

GRAOS EN ADE E TURISMO

GRAO EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS (Grao en ADE)

1 Valore a documentación e a información previa ofrecida do PAT:

| | |
|--------------|--------|
| Insuficiente | 19.57% |
| Suficiente | 80.43% |

2 Avalíe a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT:

| | |
|----------|-----|
| Moi mala | 2% |
| Mala | 15% |
| Boa | 76% |
| Moi boa | 7% |

3 En que grao o desenvolvemento do PAT respondeu ás súas expectativas?

| | |
|--------------------------|-----|
| Nada | 11% |
| Pouco | 37% |
| Bastante | 43% |
| Moito | 7% |
| Non sabe ou non contesta | 2% |

4 Valore o grao de utilidade do PAT:

| | | |
|----------|-----|--|
| Nada | 0% | |
| Pouco | 39% | |
| Bastante | 54% | |
| Moito | 7% | |

5 Pensa que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?

| | |
|-----|-----|
| Si | 65% |
| Non | 35% |

6 Considera axeitado o sistema de seguimento?

| | |
|-----|-----|
| Si | 76% |
| Non | 24% |

10 Que eliminaría do PAT?

Non houbo ninguna resposta.

11 Que engadiría?

- Máis información, comunicación e atención.

GRAO EN TURISMO (Grao Turismo)

1 Valore a documentación e a información previa ofrecida do PAT:

| | |
|--------------|--------|
| Insuficiente | 56.25% |
| Suficiente | 43.75% |

2 Avalíe a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT:

| | |
|----------|--------|
| Moi mala | 0% |
| Mala | 37.5% |
| Boa | 56.25% |
| Moi boa | 6.25% |

3 En que grao o desenvolvemento do PAT respondeu ás súas expectativas?

| | |
|----------|-----|
| Nada | 11% |
| Pouco | 37% |
| Bastante | 43% |
| Moito | 7% |

4 Valore o grao de utilidade do PAT:

| | |
|----------|-----|
| Nada | 25% |
| Pouco | 25% |
| Bastante | 25% |
| Moito | 25% |

5 Pensa que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?

| | |
|--------------|-------|
| Si | 62.5% |
| Non | 25% |
| Non Contesta | 12.5% |

6 Considera axeitado o sistema de seguimento?

| | |
|--------------|-------|
| Si | 50% |
| Non | 37.5% |
| Non Contesta | 12.5% |

10 ue eliminaría do PAT?

Non houbo comentarios

11 Que engadiría?

3 alumnos dixeron que era necesaria máis información sobre o PAT, e 1 queixouse da insistencia dos correo electrónico informando do PAT.

Máster en Dirección e Planificación do Turismo de Interior e de Saúde

1. Indique o número de reunións con alumnado titorizado que tiveron lugar durante o curso.

| EN GRUPO | Nº | % |
|---------------------------|----|-----|
| Modalidade presencial | 3 | 100 |
| Modalidade semipresencial | 0 | 100 |

| INDIVIDUAIS (Nº REUNIÓN%/%) | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 14 | 16 |
|--------------------------------|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|
| Modalidade presencial | 40 | 30 | 25 | | 5 | | | | | |
| Modalidade semipresencial | 5 | 5 | 10 | 10 | 10 | 20 | 15 | 10 | 10 | 5 |

2 Valore a documentación e a información previa ofrecida do PAT:

| | |
|--------------|------|
| Insuficiente | 0% |
| Suficiente | 100% |

3 Avalíe a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT:

| | |
|----------|-----|
| Moi mala | |
| Mala | |
| Boa | 20% |
| Moi boa | 80% |

4 Valore a carga de traballo que supón o seguimento do PAT

| | |
|----------|------|
| Ningunha | 100% |
| Pouca | |
| Bastante | |
| Moita | |

5 Pensa que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?

| | |
|-----|------|
| Si | 100% |
| Non | |

6 Valore o grado de utilidade do PAT de acordo coas experiencias co estudiantado:

| | |
|----------|-----|
| Nada | |
| Pouco | |
| Bastante | 70% |
| Moito | 30% |

7 Considera axeitado o sistema de seguimento?

| | |
|-----|------|
| Si | 100% |
| Non | |

8 Que eliminaría do PAT?

Nada (100%)

9 Que engadiría?

Nada (100%)

| | | | |
|----------------------|----------------------|---|---------------------|
| Universidade de Vigo | INFORME FINAL DO PAT | Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo | CODIF: R2-DO0203 |
|----------------------|----------------------|---|---------------------|

Anexo V-B

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL: CUESTIONARIO DE SATISFACCIÓN DO TITOR/A

GRAOS EN ADE E TURISMO

1 Indique o número de reunións con alumnado tutorizado que tiveron lugar durante o curso académico:

| | |
|--------------------------------|--|
| Número de reunións en grupo | |
| Número de reunións individuais | |

2 Valore a documentación e a información previa ofrecida polo equipo coordinador do PAT (equipo directivo/outro):

| | |
|--------------|------|
| Insuficiente | 0% |
| Suficiente | 100% |

3 Avalíe a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT:

| | |
|----------|-----|
| Moi mala | 10% |
| Mala | 0% |
| Boa | 20% |
| Moi boa | 7% |

4 Valore a carga de traballo que lle supón o seguimento do PAT:

| | |
|----------|-----|
| Ningunha | 10% |
| Pouca | 50% |
| Bastante | 30% |
| Moita | 10% |

5 Considera que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?

| | |
|-----|------|
| Si | 100% |
| Non | |

6 Valore o grao de utilidade do PAT de acordo coas experiencias co estudiantado:

| | |
|----------|-----|
| Nada | 20% |
| Pouco | 40% |
| Bastante | 30% |
| Moito | 10% |

7 ¿Considera axeitada a metodoloxía empregada?

| | |
|-----|------|
| Si | 100% |
| Non | |

8 **¿Pensa que é axeitado o sistema de seguimento?**

| | |
|--------------|-----|
| Si | 90% |
| Non | 10% |
| Non contesta | |

9 **Que eliminaría do PAT?**

Un titor afirma que eliminaría o PAT xa que é unha ferramenta non empregada polo alumnado.

10 **Que engadiría?**

Houbo un comentario que afirma que sería necesario ter máis reunións co alumnado.

| | | | |
|----------------------|-----------------------|---|---------------------|
| Universidade de Vigo | INFORME FINAL DEL PAT | Facultad de Ciencias Empresariales y Turismo | CODIF: R2-DO0203 |
|----------------------|-----------------------|---|---------------------|

Elaboración: Comisión de Calidade X/X/2016

Aprobación: Comisión de Calidade

Nome / cargo:

Aprobación: Xunta de Centro

X/X/X Nome / cargo:

Miguel Rodríguez Méndez/Vicedecano de Calidade

Elena Rivo López / Decana da Facultade

Elena Rivo López/Presidenta da Comisión

Beatriz González Sánchez/Secretaria